

Capítulo 5: Fondo de continxencia e outros	0,00	0,00
Capítulo 6: Investimentos reais	127.000,00	509.052,39
Capítulo 7: Transferencias de capital	0,00	0,00
Capítulo 8: Activos financeiros	0,00	0,00
Capítulo 9: Pasivos financeiros	0,00	0,00

ESTADO DE INGRESOS		
	CRÉDITOS INICIAIS	CRÉDITOS DEFINITIVOS
Capítulo 1: Impostos directos	970.000,00	970.000,00
Capítulo 2: Impostos indirectos	25.000,00	25.000,00
Capítulo 3: Taxas, presos públicos e outros ingresos	440.954,18	440.954,18
Capítulo 4 :Transferencias correntes	1.629.045,82	1.629.045,82
Capítulo 5: Ingresos patrimoniais	0,00	0,00
Capítulo 6: Alleamento de investimentos reais	0,00	0,00
Capítulo 7: Transferencias de capital	0,00	0,00
Capítulo 8: Activos financeiros	0,00	412.845,35
Capítulo 9: Pasivos financeiros	0,00	0,00

Contra o presente acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso- administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, de 13 de xullo.

De conformidade co establecido no artigo 171.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, a interposición do devandito recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

O Saviñao, 28 de xullo de 2021.- O alcalde, Juan Carlos Armesto Quiroga.

R. 2301

## VIVEIRO

### Anuncio

Dona MARIA LOUREIRO GARCÍA, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de VIVEIRO.

No Boletín Oficial da Provincia número 119, de 28 de maio de 2021, publica a convocatoria do proceso para a selección de **UN XEFE DE BRIGADA**, que prestará servizos temporais no Concello de Viveiro, ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais 2021. Expte.: 2369/2021.

Vistas as bases xerais e específicas que teñen por obxecto establecer o procedemento de selección a empregos temporais do Concello de Viveiro para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2021.

Tendo en conta que un posto de xefe de brigada está vacante.

Tendo en conta que o proceso selectivo responde á urxencia para a contratación de persoal para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2021 segundo os prazos estipulados no Convenio de Colaboración polo que se regula e financia esta contratación.

### RESOLVO

**PRIMEIRO.-** Establecer un novo prazo de presentación de solicitudes para a selección de persoal, con carácter temporal, para un posto de un xefe de brigada, de **2 (DOUS) DÍAS HÁBILES**, pola urxente e inaprazable

necesidade, contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

**SEGUNDO.-** Indicar que as bases xerais, anexo e bases específicas polas que se establecen as normas para a selección de un xefe de brigada, con carácter temporal, para prestar servizos no Concello de Viveiro ao amparo do Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Viveiro para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais 2021, figuran publicadas no taboleiro de anuncios dixital e na páxina web municipal [www.viveiro.es](http://www.viveiro.es).

Viveiro, 30 de xullo de 2021.- A Alcaldesa, María Loureiro García. Ante mín, A secretario, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018. María Luz Balsa Rábade.

R. 2329

## CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO

### *Anuncio*

Mediante Resolución da Presidencia do Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento de data 20 de xullo de 2021, procedeuse á aprobación da convocatoria do procedemento selectivo para a provisión dunha praza de Técnico/a de Administración Xeral para o Consorcio Provincial de Lugo para a Prestación do Servizo contra Incendios e Salvamento.

### **BASES DA OPOSICIÓN LIBRE PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN XERAL DO CONSORCIO PROVINCIAL DE LUGO PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO**

#### **1. NORMAS XERAIS**

1.1. As presentes bases rexerán a convocatoria das probas selectivas para cobertura de 1 praza de Técnico/a de Administración Xeral, Subgrupo A1, Escala de Administración Xeral, Subescala Técnica, correspondentes á Oferta de Emprego Público do Consorcio Povincial para 2021.

1.2. Ás probas selectivas seralles de aplicación a Lei 30/84, do 2 de agosto; a Lei 7/85, do 2 de abril; R.D.L. 781/86, do 18 de abril; R.D. 896/91, do 7 de xuño, o R.D. 364/95, do 10 de marzo, R.D.L. 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e as Bases da presente convocatoria.

#### **2. REQUISITOS**

2.1. Para ser admitidos/as á realización destas probas selectivas, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no art. 57 do R.D.L. 5/2015, do 30 de outubro, Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, non atoparse en situación de inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/á sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

e) Estar en posesión do título de Licenciado en: Dereito, Economía, Ciencias Políticas e da Administración, Ciencias Actuarias e Financeiras ou equivalente ás anteriores e calquera outro relacionado coas funcións propias da praza que se convoca, de conformidade co establecido no art. 76 do R.D.L. 5/2015, do 30 de outubro.

f) Ter coñecemento do idioma galego que se acreditará co certificado do curso de perfeccionamento, Celga 4 ou equivalente.

Os/as aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente convalidación ou homologación. Este requisito non será de aplicación a quen obteñan o recoñecemento do seu cualificación profesional no ámbito das profesións reguladas ao amparo das disposicións do Dereito Comunitario.

2.2. Todos os requisitos a que refírese a base 2.1 deberán posuírse no momento de finalizar o prazo de presentación de instancias e manterse durante o proceso selectivo.